

VIEIROS

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Da pel á alma

Hai uns días que María Lado botou a voar os seus novos poemas: *berlín*, se chaman. Consumo versos de María Lado desde que era unha criatura (ela; eu son un señor crepuscular). E aínda o é. É unha rapariga que non cesa, e, se cadra, é nesa condición natural de nena interminable onde radica o fondo da súa poeticidade. Poeta ineluctable. Eu mesmo diría poetisa, correndo o risco de usar unha palabra que horroriza ás nosas poetas, non sei moi ben por qué.

- 10:00 13/03/2005

Resulta que algunhas delas veñen facendo un uso luxuriante dos formantes de xénero feminino ("son membra militanta", dicía estoutro día pola radio unha intrépida versificadora, presumindo de pertencer a non me acordo que clube lírico); pero ao mesmo tempo non soportan este sufixo case pleremático de **poetisa**. Debe ser que lle atopan connotacións patriarcais e reaccionarias. Semella cachondo que as literatas do noso xineceo lírico rexeiten unha palabra coma **poetisa**, tan vestida morfoloxicamente de muller e prefiran **poeta**, un vocábulo machorro, desclitorizado gramaticalmente. **Poetisa** ten punto G; **poeta** está capada. No noso *chistema* literario danse estes elementos (perdón, elementas) que non se queren chamar poetisas, pero despois non teñen inconveniente en adoptar os abortos adverbiais dalgún parteiro/a filolóxico/a coma *grazas*. (E dálle: este espirro de palabra é o meu flaxelo).

Agora que xa imos tendo poetas (imposibles poetisas) que visten coma Paula Vázquez, non sei que dá oílas dicir *grazas*. Escarállase tanto o lirismo coma o erotismo. Agora que xa imos tendo algunha poeta (imposible poetisa) que ben podería facer un anuncio de perfume francés, deberíase dar licenza para dicir *merci* no canto dese horrisono *grazas*.

Pero eu ía falar dos versos de María Lado, que descubrín un día de tabernaria ocasión, case no goliardesco momento en que as Letras de Cal abriron a súa fecunda billa de poemas sabedeiros. E nese rebumbio cadrou María, toda verso, toda feita palabra, e non verbatúra (qué abundancia no país de poetas verbatúricos, que esa é outra). En María Lado a palabra é unha respiración ou a mesma pel, e xa sabemos, da man de Eliot, que a pel é o máis profundo. Da pel ao resto do ser. Xa di Suso Bahamonde que María "é a única autora que coñezo que sabe en cada centímetro do seu corpo o que é ser poeta".

Dá gusto ler estes poemas de amor preñados (gústalle á poeta metasemizar esta palabra) das brisas do seu corazón e do pneuma orixinal do que somos. E de fondo "as estrelas co seu canto de grilos".